

NIF	APELIDOS E NOME	POSTO ELIXIDO	CÓDIGO DO POSTO	CONS. DENOMINACIÓN GRUPO/CAT.	CENTRO DESTINO	CENTRO DIRECTIVO	CONCELLO	OBSERVACIÓNS
34254209X	BALBOA CEREJO, BENJAMÍN	2	MRC995008127300059	MR CONDUCTOR/A MOTOBOMBA SPDCIF	IV-033 COMARCA FORESTAL: TERRA DE LEMOS	SERVIZOS PERIFÉRICOS	MONFORTE DE LEMOS	B12=292,05 €, COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PENOSIDADE. COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE DE ESPECIAL DEDICACIÓN. COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR TOXICIDADE. COMPLEMENTO SALARIAL DE SINGULARIDADE POR PERIGOSIDADE. LABORAL FIXO-DESCONTINUO

## CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

*Corrección de erros.-Orde do 8 de abril de 2011 pola que se convocan procedementos selectivos de ingreso e acceso ao corpo de profesores de artes plásticas e deseño e de mestres e procedemento de adquisición de novas especialidades polo persoal funcionario de carreira dos anteditos corpos da Comunidade Autónoma de Galicia.*

Advertidos erros na devandita orde publicada no *Diario Oficial de Galicia* nº 71, do luns 11 de abril de 2011, cómpre efectuar a seguinte modificación:

Na páxina 6.459, punto 2.2.1, onde di: «Estar en posesión do título de doutor, licenciado,...», debe engadirse: «título de grao».

Na páxina 6.461, punto 3.8, onde di: «c) Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, o mes anterior á data da convocatoria...», debe dicir: «c) Persoas que figurasen como demandantes de emprego desde, polo menos, seis meses antes á data da convocatoria...».

Na páxina 6.474, punto 16.6, debe engadirse: «c) Naquelas especialidades que teñan un número de temas menor ou igual a 25, deberá elixirse entre tres temas».

Na páxina 6.475, anexo I, punto 2.5, debe engadirse ao final: «Para os efectos desta subepígrafe, sempre que cumpran os requisitos especificados, poderanse acumular os cursos non inferiores a dous créditos, puntuándose cada dous cursos con 0,2000 puntos».

## CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

*Orde do 5 de abril de 2011 pola que se resolve a convocatoria para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante, anunciada pola Orde do 4 de marzo de 2011 (Diario Oficial de Galicia número 52, do 15 de marzo).*

Convocada a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Con-

sellería de Traballo e Benestar, mediante a Orde do 4 de marzo de 2011 (DOG nº 52, do 15 de marzo), de conformidade co establecido nas bases quinta e sexta da referida orde, esta consellería

### RESOLVE:

Primeiro.-Adxudicar destino, no posto de traballo que se indica, ao funcionario que se expresa no anexo desta orde, seleccionado conforme o establecido nas bases da convocatoria, realizada pola Orde do 4 de marzo de 2011.

Segundo.-O cesamento no actual destino do funcionario que obtivo praza producírase no prazo de tres días, contados a partir do seguinte ao da data da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Se na data en que debe cesar no seu destino o funcionario está desfrutando un período de licenza, vacacións ou permiso, o prazo para efectualo empezará a contar a partir do día seguinte ao da súa incorporación.

A toma de posesión da praza adxudicada deberase realizar no prazo dos tres días seguintes ao do cesamento, de tratarse da mesma localidade en que actualmente presta os seus servizos o funcionario, ou no prazo dun mes, de tratarse de distinta localidade, conforme o establecido no artigo 14º do Decreto 93/1991, do 20 de marzo.

Terceiro.-O xefe do centro en que cause baixa o funcionario, así como o daquel en que obteña destino, consignarán no título administrativo, dentro do prazo sinalado no punto anterior, as correspondentes dilixencias de cesamento e toma de posesión, das cales se dará traslado, mediante copia, á Dirección Xeral da Función Pública.

Cuarto.-Contra esta orde, que esgota a vía administrativa, os interesados poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante esta consellería, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no DOG, de conformidade co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, na súa nova redacción dada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, ou poderán impugnala directamente perante o xulgado do contencioso-administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir da mesma data, segundo o establecido na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2011.

Beatriz Mato Otero  
Conselleira de Traballo e Benestar